

No mundo interconectado de hoxe, a capacidade de falar varias linguas e de superar barreiras lingüísticas constitúe unha competencia de suma importancia. Mesmo o coñecemento parcial de máis dunha lingua é vantaxoso. A competencia en terceiras linguas é unha nova forma de alfabetización a escala mundial. A aprendizaxe de linguas débese estender a mozos e maiores.

Con todo, a millóns de persoas arredor do mundo estáselles a negar o dereito inherente de manter, gozaren e desenvolveren as súas linguas de identidade e de comunidade. Esta inxustiza ten que ser corrixida con políticas lingüísticas que apoiem sociedades e individuos multilingües.

Nós, os participantes na sesión titulada *Trampolín para o talento: aprendizaxe de linguas e integración nun mundo globalizado* (12-17 de decembro de 2017: salzburgglobal.org/go/586) do Seminario Global de Salzburgo, esiximos políticas que valoren e defendan o multilingüismo e os dereitos das linguas.

A *Declaración de Salzburgo para un mundo multilingüe* apoiárase nun amplo informe e en blogs sobre temas clave que se publicarán durante 2018.

Declaración de Salzburgo para un mundo multilingüe

VIVIMOS NUN MUNDO NO CAL:

- A totalidade dos 193 estados membro das Nacións Unidas e a maior parte dos seus cidadáns son multilingües.
- 7097 linguas son actualmente faladas arredor do mundo.*
- 2464 destas linguas están en perigo.
- 23 linguas son dominantes e fálanas mais da metade da poboación mundial.
- O 40 % das persoas non teñen acceso á educación nunha lingua que entendan.²
- 617 millóns de nenos e adolescentes non adquiren niveis mínimos de competencia lectora.
- 244 millóns de persoas son emigrantes internacionais, dos cales 20 millóns son refuxiados, un 41 % máis desde 2000. Soamente os emigrantes e os refuxiados constituirían o quinto país mais poboado do mundo.

O noso mundo é verdadeiramente multicultural, pero aínda moitos sistemas educativos e económicos, procedementos de naturalización e as administracións públicas causan prexuízos a millóns de persoas por mor das súas linguas e competencias lingüísticas. Debemos afrontar este desafío se queremos alcanzar os obxectivos de desenvolvemento sostible, adoptados en 2015 por 193 países co fin de “acabar coa pobreza, protexer o planeta e asegurarlles a prosperidade a todas as persoas”. Un sistema educativo xusto, construído sobre políticas lingüísticas fortes e equitativas, é fundamental para o progreso inclusivo.

PRINCIPLES

- O multilingüismo atangue explicitamente tanto ao ensino de linguas como aos patróns informais de comunicación que emerxen en sociedades multilingües.
- O plurilingüismo é o coñecemento de múltiples linguas por parte dos individuos.
- As circunstancias históricas, xeográficas e socioeconómicas conducen a diferentes formas e usos do multilingüismo.
- A educación multilingüe e o apoio ao multilingüismo social, por parte de estados e organizacións internacionais, promoven o intercambio de coñecemento e o entendemento intercultural e fortalece relacións internacionais.

As políticas dirixidas á aprendizaxe de linguas poden acrecentar a cohesión social, mellorar os resultados educativos e promover o desenvolvemento económico. As estratexias de aprendizaxe engadido de linguas permiten que os nenos constrúan habilidades de alfabetización sólidas nas súas linguas maternas; axudan as comunidades a conservaren as súas linguas de identidade, coñecemento e crenza; e crean oportunidades de aprender novas linguas para un beneficio persoal, recreativo, cultural ou económico. As políticas multilingües poden resultar un amparo do recurso único e vital da diversidade da lingua e representar cambios positivos globais nos ámbitos económico, social e político.

Instamos os individuos, as corporacións, as institucións e os gobernos a adoptaren unha mentalidade multilingüe que celebre e promova a diversidade lingüística como norma xeral, que bote por terra a discriminación lingüística e que desenvolva políticas lingüísticas que fomenten o multilingüismo.

RECOMENDACIÓNS

Deseñar políticas

Unha política lingüística con resultados favorables precisa da contribución de especialistas e a participación activa das partes interesadas da comunidade. Tomar decisións racionais e claras sobre as linguas na sociedade significa:

- Negociar obxectivos claros que sexan realistas e alcanzables;
- Incluír todas as partes interesadas no proceso político, no que represente un papel destacado o profesorado de todos os niveis educativos;
- Ordenar unha secuencia de políticas desde a preescolar ata a fin da escolaridade, así como a educación non formal e para toda a vida;
- Centrarse en todos os valores e necesidades da lingua, incluíndo o mantemento, aprendizaxe e uso das linguas maternas de comunidades minoritarias;
- Utilizar coñecementos de investigación educativa e cognitiva para a aprendizaxe da lingua materna e doutra lingua;
- Empregar o potencial das tecnoloxías de comunicación;
- Asegurar recursos adecuados para unha implementación total das políticas;
- Supervisar e avaliar regularmente os obxectivos e a implementación das políticas.

Ensinar e aprender

O ámbito xeral da política lingüística é tanto social, económico e cultural, como educativo. A aprendizaxe de linguas durante a vida é esencial para manter e beneficiarse do multilingüismo. A educación, as habilidades e as políticas de traballo deben promover e recoñecer a aprendizaxe de linguas para todos, xunto co recoñecemento positivo da diversidade lingüística. Tanto nenos como adultos deben ser capaces de acceder a oportunidades integradas e continuas para desenvolveren, enriquecérense e ampliaren as súas habilidades lingüísticas durante toda a vida.

É necesario un novo paradigma de educación que inclúa sistemas de coñecemento tradicionais e alternativos e que faga uso das tecnoloxías modernas. Os lugares para a aprendizaxe activa de linguas van bastante máis alá de escolas e institucións de educación superior. Rúas, casas, redes sociais, contornas dixitais e escenarios de apoio a refuxiados poden no seu conxunto promover activamente a aprendizaxe e o recoñecemento das linguas.

Tradución e interpretación

Estes servizos son fundamentais para o deseño e entrega de servizos públicos e intercambio de información en sociedades multilingües. A participación equitativa na saúde, a educación e as contornas económicas e legais depende da mediación lingüística dispoñible de forma gratuíta ou profesional.

CHAMADA Á ACCIÓN

As partes interesadas que poden conducir ao cambio inclúen investigadores e profesores; traballadores sociais, sociedade civil e organizacións non gobernamentais; voces da cultura e dos medios de comunicación; gobernos e funcionarios; intereses empresariais e comerciais; axencias de axuda e desenvolvemento; e fundacións e organizacións. **Chamámolos a todos para axudar:**

- A desenvolveren políticas lingüísticas, prácticas e tecnoloxías que apoiem sociedades unidas e dinámicas con actitudes positivas respecto do multilingüismo e do plurilingüismo.
- A apoiar activamente os dereitos lingüísticos, a diversidade e a cidadanía na documentación oficial e nas mensaxes públicas.
- A botar por terra todos os casos de discriminación, prexuízos, favoritismo e desigualdade asociados á lingua e á alfabetización..
- A recoñecer que as minorías, os emigrantes e os refuxiados posúen un alto capital lingüístico de grande valor para o noso mundo presente e futuro.

Na súa forma única, cada un destes grupos pode abrazar e apoiar o multilingüismo para o progreso social, a xustiza social e unha sociedade participativa. Xuntos, podemos actuar para salvagardarmos o tesouro cultural e de coñecemento do multilingüismo para as xeracións futuras.

*You can find references for all statistics online: education.salzburgglobal.org/statements